

# **CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS DAS SOCIEDADES COOPERATIVAS GALEGAS**

Aprobado polo Consello Galego de Cooperativas  
o 15 de decembro de 2016

**XUNTA DE GALICIA**

Autor: Centro de Estudos Cooperativos  
Edita: Secretaría Xeral de Emprego  
Consellería de Economía, Emprego e Industria

© Xunta de Galicia  
2018. Código de boas prácticas das sociedades cooperativas galegas

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:  
<https://libraria.xunta.gal/gl/codigo-de-boas-practicas-das-sociedades-cooperativas-galegas>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIguual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia de licenza, visite:  
[https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/deed.es\\_ES](https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/deed.es_ES)

## PRESENTACIÓN

Nun momento no que a práctica mercantil ven esixindo aos seus entes a adhesión a formas de actuación responsables, o movemento cooperativo non pode pechar os seus ollos ao fenómeno que se está a vivir a nivel mundial, e máis sendo un movemento dinamizador da economía social. A preocupación da sociedade actual por cuestións ambientais e sociais desemboca nunha demanda de información que as empresas deben satisfacer. Así, as cooperativas tamén se conciencian do impacto da súa actuación sobre todas as persoas socias que a integran e expresan o seu compromiso de contribuír ao desenvolvemento económico, ao mesmo tempo que a mellorar a calidade de vida das persoas empregadas, as súas familias, e da comunidade onde se integran así como da sociedade no seu conxunto.

Este código de boas prácticas constitúe un sistema de autorregulación polo que se establecen os principios e regras que rexerán a actuación e relación das cooperativas -sempre que elixan adherirse a el- para cos seus membros, persoal traballador e outros operadores do ámbito da súa actuación (clientes, provedores, administracións públicas, etc.).

O contido deste código está integrado polos principios reitores do cooperativismo e dos entes de economía social, o acatamento e información sobre a normativa aplicable (no ámbito estatal e autonómico), o establecementos de políticas xerais de actuación nas relacións da cooperativa no nivel interno e externo, así como a creación dun órgano garante do cumprimento deste código ético.

Resúmese así o obxectivo principal do código na procura dun comportamento transparente, honesto e responsable da cooperativa e os seus membros no seu ámbito de actuación, a busca dun impacto positivo daquela dentro da comunidade e a demanda de reflectir unha imaxe de confianza e mellora da súa reputación propiciando unha vantaxe competitiva e mellora dos seus resultados.

Con esta finalidade, e no exercicio das súas funcións de promoción e difusión do cooperativismo, o Consello Galego de Cooperativas acordou na súa sesión do 15 de decembro de 2016 a aprobación do *Código de boas prácticas das sociedades cooperativas galegas*, que se pon á disposición de todas as sociedades cooperativas para a súa adhesión.

Trátase dunha opción voluntaria pero aconsellable, e necesaria no senso do actual sentir social.

*Este documento foi elaborado polo Centro de Estudos Cooperativos, centro de carácter mixto constituído pola Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, que ten por obxecto a procura da formación e investigación do cooperativismo galego, nacional e internacional.*

## ÍNDICE

1. Definición .....	3
2. Ámbito de aplicación .....	4
3. Marco normativo.....	5
4. Principios xerais .....	6
5. Prácticas responsables.....	7
5.1. Cumprimento da lexislación aplicable e da normativa interna.....	7
5.2. Cumprimento de acordos e convenios .....	7
5.3. Relacións coas persoas empregadas .....	7
5.4. Relacións coas persoas socias .....	8
5.5. Relacións cos clientes .....	8
5.6. Prácticas no mercado .....	8
5.7. Relacións cos provedores .....	9
5.8. Relacións coas administracións públicas .....	9
5.9. Conflitos de interese .....	10
5.10. Uso de bens e servizos da cooperativa .....	10
5.11. Confidencialidade da información e protección de datos persoais .....	10
5.12. Protección da propiedade intelectual e industrial .....	11
5.13. Rexistro de operacións con terceiros .....	11
5.14. Compromiso social e de desenvolvemento sostible.....	11
5.15. Intercooperación.....	12
6. Cumprimento do código e Comité de Responsabilidade Social .....	12
7. Publicidade do código e avaliación dos seus resultados .....	13
Documento de adhesión .....	14

## 1. Definición

As sociedades cooperativas galegas poden adherirse libre e voluntariamente a este código de boas prácticas, en virtude das cales adquiren o compromiso de dar cumprimento aos principios que rexerán tanto a súa actuación interna como as súas relacións con terceiros no desenvolvemento da súa actividade, no marco do compromiso de responsabilidade social cooperativa .

Este código de boas prácticas ou código de conduta non é unha norma xurídica nin emana dun ente dotado de poder normativo, aínda que non pode negárselle unha certa vontade normativa vinculada ao compromiso de cumprimento. Trátase pois dunha serie de regras de actuación que, sendo voluntariamente aceptadas polos seus destinatarios, están destinadas a dotar de confianza as relacións xurídicas no seo da sociedade cooperativa e na súa relación con terceiros. É certo que, tratándose de recomendacións de asunción voluntaria, poden ser libremente seguidas polos seus destinatarios ou non, mais se as seguen, as regras adoptadas cobran o efecto xurídico da súa asunción e poden chegar a converterse en dereito obxectivo ou dereito negocial.

No ámbito das sociedades cooperativas a responsabilidade social ten ademais un carácter especial, podendo dicirse que a preocupación ética das cooperativas é consubstancial á súa propia natureza. O cooperativismo naceu impulsado por unha serie de valores de transformación social e económica, que na súa formulación actual están plasmados na *Declaración da Alianza Cooperativa Internacional sobre a identidade cooperativa de 1995*. A declaración está composta por unha definición das sociedades cooperativas, unha lista de valores clave do movemento e un conxunto revisado de principios que pretende guiar as organizacións nas súas actividades socioeconómicas.

Como recolle a Comisión da Comunidade Europea no *Libro verde para fomentar un marco europeo para la responsabilidad social de las empresas (2001)*, as empresas socialmente responsables son aquelas que deciden contribuír ao logro dunha sociedade mellor, e neste sentido debe subliñarse que as cooperativas hai tempo que tratan de contribuír ao devandito obxectivo, mediante a posta en práctica de valores tales como o da democracia e o da cooperación.

Non obstante, as sociedades cooperativas non son alleas ao fenómeno de globalización dos mercados e da competencia, que implica unha necesaria adaptación e definición de novas estratexias, mediante a creación das súas propias redes de abastecemento, produción e distribución nos principais mercados internacionais, co fin de incrementar a competitividade e a súa integración nestes mercados. Todo isto fai necesaria unha reformulación da cuestión da responsabilidade social, sendo este código de boas prácticas o instrumento co que se pretende dar resposta a estas novas necesidades, a través da enunciación dunha serie de principios e regras que pretenden ser aplicables tanto no ámbito das relacións internas das sociedades cooperativas como nas súas relacións con terceiros.

## 2. Ámbito de aplicación

O código de boas prácticas será de aplicación en todas aquelas sociedades cooperativas galegas que voluntariamente se adhiran a el, aceptando as regras e principios nel contidas, e comprometéndose a adoptar e manter as medidas necesarias para garantir o seu cumprimento no seo da sociedade cooperativa e nas súas relacións con terceiros.

A aplicación do código, total ou parcial, poderá facerse extensiva a calquera persoa física ou xurídica relacionada coa sociedade cooperativa, cando conveña para o cumprimento da súa finalidade e sexa posible pola natureza da relación.

Unha vez subscrito por cada sociedade cooperativa, o código haberá de ser notificado a todos os membros da sociedade cooperativa e calquera persoa que a represente, cando así o requira a natureza da súa relación, debendo asumir o compromiso do seu cumprimento. Así mesmo, este compromiso poderá ser recollido, de ser o caso, nos contratos de traballo do persoal empregado, e seralle entregada igualmente unha copia no momento da súa incorporación á sociedade cooperativa.

A exoneración do cumprimento, para casos concretos debidamente xustificadas, só poderá ser autorizada polo Comité de Responsabilidade Social, que deberá dar conta, o antes posible, ao Consello Reitor.

## 3. Marco normativo

### A. Estatal

- Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas.
- Lei 13/1989, do 26 de maio, de cooperativas de crédito.
- Lei 20/1990, do 19 de decembro, sobre o réxime fiscal das cooperativas.
- Real decreto 136/2002, do 1 de febreiro, polo que se aproba o regulamento do rexistro de sociedades cooperativas.
- Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social.
- Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social.

### B. Autonómico

- Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia.
- Decreto 25/2001, do 18 de xaneiro, polo que se regula a organización e funcionamento do Consello Galego de Cooperativas.
- Decreto 430/2001, do 18 de decembro, polo que se aproba o regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia.
- Decreto 248/2004, do 14 de outubro, polo que se regulan os procedementos de conciliación e arbitraje cooperativa.
- Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección do consumidor de Galicia.
- Lei 6/2016, do 4 de maio, de economía social de Galicia.
- Normas de defensa da competencia e de competencia desleal.

#### 4. Principios xerais

A cooperativa preservará os principios e valores recollidos na *Declaración da Alianza Cooperativa Internacional sobre identidade cooperativa*, baseándose nos valores da autoaxuda, autorresponsabilidade, democracia, igualdade, equidade, solidariedade, honestidade, transparencia, responsabilidade e vocación social.

A posta en práctica destes valores concrétese na adopción dos principios enunciados na Declaración:

- Adhesión voluntaria e aberta
- Xestión democrática por parte das persoas socias
- Participación económica por parte das persoas socias
- Autonomía e independencia
- Educación, formación e información
- Cooperación entre cooperativas
- Interese pola comunidade

As cooperativas que subscriban o presente código aséntanse nos seguintes principios:

- Todas as operacións da sociedade cooperativa desenvolveranse baixo un prisma deontolóxico e responsable.
- O cumprimento da lexislación vixente é o presuposto necesario do funcionamento e aplicación deste código. A cooperativa desenvolverá a súa actividade con respecto á lei e á moralidade na xestión da empresa en xeral, e con expresa oposición ao recurso ás prácticas corruptas na relación coas administracións públicas.
- O comportamento das persoas socias e empregadas da sociedade cooperativa axustarase ao disposto neste código.
- Todas as persoas, físicas e xurídicas, que manteñan de forma directa ou indirecta calquera relación laboral, económica, social e/ou industrial coa sociedade cooperativa, recibirán un trato xusto e digno.
- A actividade da cooperativa desenvolverase apostando pola intercooperación, a innovación, a mellora continua e a calidade como instrumentos adecuados para competir nos mercados.
- Todas as actividades da sociedade cooperativa realizaranse dun xeito respectuoso co medio e os recursos naturais, favorecendo a conservación da biodiversidade e a xestión sustentable destes recursos e promovendo a redución de impactos ambientais.
- Para o desenvolvemento real e efectivo destes valores e principios a cooperativa incorporará na súa actuación as prácticas enunciadas no apartado seguinte.

## 5. Prácticas responsables

### 5.1. Cumprimento da lexislación aplicable e da normativa interna

O cumprimento normativo é o presuposto necesario deste código. A sociedade cooperativa e as persoas socias e empregadas deben cumprir a lexislación vixente, de xeito que a aplicación deste código non poderá supoñer o incumprimento das disposicións legais que, en cada caso, resulten de aplicación.

Todas as persoas socias e empregadas da sociedade cooperativa deben cumprir as normas e procedementos aprobados pola sociedade cooperativa así como as instrucións que puideran aprobarse para o seu desenvolvemento.

Para facilitar a aplicación das boas prácticas, as decisións que se adopten en cada caso serán rastrexables dende o punto de vista do cumprimento normativo, de xeito que a adecuación ás normas (internas e externas), sexa xustificable, comprobable, verificable e eficiente.

A sociedade cooperativa haberá de poñer a disposición de quen teña trato con ela, laboral ou comercial, todos os medios necesarios para facilitar o coñecemento da normativa que en cada caso sexa necesaria para o exercicio das diferentes responsabilidades.

Ademais, en caso de incumprimento dos principios e presupostos contidos neste código, calquera persoa relacionada coa cooperativa poderá denunciar diante do Comité de Responsabilidade Social calquera irregularidade que poida supoñer unha vulneración deste código.

### 5.2. Cumprimento de acordos e convenios

A sociedade cooperativa comprométese á promoción e cumprimento daqueles acordos e convenios, nacionais ou internacionais, que sexan de aplicación.

### 5.3. Relacións coas persoas empregadas

A cooperativa non empregará ninguén que non teña dezaseis anos cumpridos.

A cooperativa non aplicará, nin por acción nin por omisión, criterios discriminatorios fundados en motivos políticos, sindicais, relixiosos, de nacionalidade, raza ou etnia, xénero, idade, estado civil ou orientación sexual a propósito da admisión de socios e socias, a contratación de persoal, a remuneración ou a formación e a reciclaxe profesional.

A cooperativa, xunto co principio de non discriminación e, como parte deste, promoverá o principio de igualdade de oportunidades. Neste sentido, en determinadas situacións debidamente xustificadas, a cooperativa contemplará a aplicación de medidas de reforzo ou de acción positiva dirixidas a favorecer a promoción no seu seo de persoas pertencentes a colectivos en risco de sufrir exclusión social.

A cooperativa, en particular, promoverá o papel das mulleres no seu seo, tanto na realización das actividades produtivas como na xestión da empresa e toma de decisións.



O persoal da cooperativa ten recoñecidos os dereitos de sindicación, de liberdade de asociación e de negociación colectiva. Neste ámbito, a cooperativa garante os dereitos das persoas que desenvolvan actividades sindicais ou representativas: ninguén poderá ser sancionado ou cuestionado, en calquera grao ou forma, por participar nelas.

A cooperativa defenderá e promoverá o cumprimento dos dereitos laborais e comprométese a respectar as boas prácticas en materia de condicións de emprego, saúde e seguridade no posto de traballo.

O persoal da cooperativa colaborará no cumprimento das normas laborais aplicables e na prevención, detección e erradicación de irregularidades nesta materia.

#### **5.4. Relacións coas persoas socias**

A cooperativa impulsará entre as persoas socias cooperativistas o coñecemento, fomento e cumprimento dos principios contidos neste código.

Para tal fin, a cooperativa desenvolverá as accións necesarias para a comunicación, formación e sensibilización que axuden á comprensión e posta en práctica deste código, facéndollo chegar a todas as persoas socias.

#### **5.5. Relacións cos clientes**

A cooperativa comprométese a actuar nas relacións cos seus clientes consonte criterios de consideración, respecto e dignidade, tendo en conta a diferente sensibilidade cultural de cada persoa e non permitindo discriminacións de trato por razón de raza, relixión, idade, nacionalidade, xénero ou calquera outra condición persoal ou social prohibida pola lei, con especial atención ás persoas con discapacidade.

No desenvolvemento das súas actividades comerciais, a cooperativa promocionará os seus produtos sen falsear as súas condicións ou características. As actividades de promoción realizaranse de forma clara co fin de non ofrecer información falsa, enganosa ou que poida inducir a erro aos clientes ou a terceiras persoas.

#### **5.6. Prácticas no mercado**

A cooperativa compite no mercado de forma leal e non admitirá en ningún caso condutas enganosas, fraudulentas ou maliciosas, respectando as regras de competencia e publicidade dos mercados.

A busca de información comercial ou de mercado desenvolverase, en todo caso, sen infrinxir as normas que puideran protexela. A cooperativa rexeitará a información sobre competidores obtida de xeito improcedente ou violando a súa confidencialidade. En particular, porase especial coidado en non vulnerar os segredos de empresa no caso de seren incorporados á cooperativa profesionais procedentes doutras cooperativas ou empresas do sector.

A cooperativa evitará, así mesmo, a difusión de información maliciosa ou falsa sobre os seus competidores.

### 5.7. Relacións cos provedores

A cooperativa relacionarase cos seus provedores de bens e servizos de forma lícita, responsable e respectuosa.

A selección dos provedores rexerase por criterios de obxectividade e transparencia, conciliando o interese da cooperativa na obtención das mellores condicións, coa conveniencia de manter relacións responsables con provedores éticos e responsables. Neste sentido, todos os provedores que traballen coa cooperativa deberán comprometerse a respectar os dereitos humanos e laborais de todo o seu persoal.

O Comité de Responsabilidade Social procurará que non poida ofrecerse, concederse, solicitarse ou aceptar, directa ou indirectamente, regalos ou dádivas, favores ou compensacións, en metálico ou en especie, calquera que sexa a súa natureza, que poidan influír no proceso de toma de decisións relacionado co desempeño de funcións na cooperativa.

Calquera regalo ou dádiva recibido vulnerando as boas prácticas que se proclaman neste código, deberá ser inmediatamente devolto e comunicada esta circunstancia ao Comité de Responsabilidade Social. De non resultar razoablemente posible a súa devolución, poñerase á disposición do devandito comité, que haberá de destinalo a fins de interese social.

En particular, non poderá ofrecerse, concederse, solicitarse ou aceptar regalos ou dádivas a ou dunha persoa física ou xurídica coa que a cooperativa manteña relacións de calquera tipo que, illados ou sumados entre si no período dun ano, teñan un valor superior a cen euros. Os obsequios en metálico están expresamente prohibidos.

### 5.8. Relacións coas administracións públicas

A cooperativa galega relacionarase coas administracións públicas de forma lícita, responsable, respectuosa e con estrita observancia das disposicións contidas no *Código ético institucional da Xunta de Galicia* e demais lexislación aplicable nesta materia. As persoas socias e empregadas que teñan relación coas administracións públicas deberán documentar as decisións tomadas e acreditar o cumprimento das normas aplicables, co obxecto de facilitar a revisión deste cumprimento polos órganos correspondentes.

A cooperativa absterase de utilizar medios ilícitos para facilitar ou axilizar trámites, calquera que sexa o medio utilizado, fronte aos órganos xudiciais, administracións públicas ou organismos oficiais.

A cooperativa evitará, así mesmo, a obtención de vantaxes indebidas en materia fiscal e asegurarse de que a información que se declare nesta materia ás autoridades sexa veraz e reflicta fielmente a realidade da cooperativa. Tamén se asegurará de que as axudas solicitadas ou recibidas das administracións públicas reciban un uso adecuado e que a súa solicitude é transparente, evitando falsear as condicións para a súa obtención ou darlles un uso distinto a aquel para o que foron outorgadas.

### 5.9. Conflitos de interese

As persoas socias e empregadas da cooperativa deberán evitar situacións que poidan supoñer un conflito entre os seus intereses persoais e os da cooperativa, respectando o establecido nesta materia na normativa aplicable ás sociedades cooperativas. Tamén deberán absterse de representala e de intervir ou influír na toma de decisións nas que, directa ou indirectamente, elas mesmas ou unha terceira persoa vinculada a elas, tivesen un interese persoal. Non poderán valerse da súa posición na cooperativa para obter vantaxes patrimoniais ou persoais nin oportunidades de negocio propias.

### 5.10. Uso de bens ou servizos da cooperativa

As persoas socias e empregadas da cooperativa utilizarán eficientemente os bens e servizos desta e non farán uso deles en beneficio propio.

A este respecto, en ningún caso o persoal da cooperativa fará uso dos equipos que se poñen á súa disposición para instalar e/ou descargar programas, aplicacións ou contidos cuxa utilización sexa ilegal, que contraveñan a normativa interna da propia cooperativa ou poidan prexudicar a súa reputación. Tampouco farán uso de fondos ou tarxetas da cooperativa para sufragar actuacións que non sexan propias da súa actividade profesional.

### 5.11. Confidencialidade da información e protección de datos persoais

A sociedade cooperativa e as persoas socias e empregadas dela teñen a obriga de protexer a información e coñecemento xerado no seo dela, comprometéndose a manter a confidencialidade de calquera dato, información ou documento obtido durante o exercicio de responsabilidades na sociedade, facendo un uso acorde co estipulado pola normativa interna e pola lexislación aplicable neste ámbito.

As persoas socias e empregadas absteranse ademais de utilizar no seu propio beneficio calquera dato, información ou documento obtido durante o exercicio da súa actividade profesional.

Tampouco comunicarán información a terceiros, excepto en cumprimento da normativa aplicable ou da normativa interna ou cando sexan expresamente autorizados para iso.

A obriga de confidencialidade permanecerá unha vez concluída a actividade na cooperativa e incluírá a obriga de devolver calquera material relacionado con esta que teña no seu poder a persoa socia ou empregada, se é o caso, no momento do cese da súa relación coa cooperativa.

Na recompilación de datos de carácter persoal de clientes, empregados, contratistas ou calquera persoa ou entidade que garde unha relación contractual ou doutra natureza coa cooperativa, obteranse os consentimentos, cando resulte preceptivo, co compromiso de utilización dos datos consonte a finalidade autorizada por quen outorgue o referido consentimento. Así mesmo, o persoal da cooperativa debe coñecer e respectar todos os procedementos internos implementados respecto do almacenamento, custodia e acceso aos datos e que están destinados a garantir os diferentes niveis de seguridade esixidos consonte a súa natureza.

### 5.12. Protección da propiedade intelectual e industrial

A sociedade cooperativa está comprometida coa protección da propiedade intelectual e industrial propia e allea, o que inclúe, entre outros, dereitos de autor, patentes, marcas, nomes de dominio, dereitos de reprodución, dereitos de deseños e dereitos sobre coñecementos técnicos especializados.

En ningún caso serán utilizadas pola sociedade cooperativa obras, creacións ou signos distintivos de propiedade intelectual ou industrial de terceiras persoas sen dispoñer dos correspondentes dereitos e/ou licenzas.

A sociedade cooperativa adoptará as medidas necesarias para a protección da propiedade intelectual e industrial procurando que os procesos e decisións neste ámbito sexan rastrexables, no sentido de estar documentadas e ser xustificables e comprobables, en especial mediante os títulos das propias obras, creacións ou signos distintivos e a aplicación de cláusulas contractuais que garantan a orixinalidade e utilización pacífica dos de terceiras persoas.

### 5.13. Rexistro de operacións con terceiras persoas

Todas as operacións con transcendencia económica que realice a sociedade cooperativa figurarán con claridade e exactitude nos correspondentes rexistros contables, representando unha imaxe fiel das transaccións realizadas e estarán a disposición das auditorías que, de ser o caso, procedan.

A información financeira farase constar de forma completa, clara e precisa, de xeito que se reflicta a data correspondente, así como os dereitos e obrigas, de conformidade coa normativa que resulte de aplicación.

### 5.14. Compromiso social e de desenvolvemento sostible

A sociedade cooperativa entende que o medio ambiente é un patrimonio da comunidade que é prioritario preservar e promover.

A sociedade cooperativa aplicará sistemas e medios eficaces para a consecución destes obxectivos no desenvolvemento da súa actividade cotiá e, para tal fin, estará sometida a unha avaliación continua sobre un dobre eixo: a diminución do consumo de materiais, auga e enerxía; e a diminución da produción de refugallo e residuos e da emisión de contaminantes.

A sociedade cooperativa comprométese a minimizar o impacto medioambiental ao longo de todo o ciclo de vida dos seus produtos ata a súa disposición final, desenvolvendo en cada etapa do proceso de deseño, fabricación e venda, medidas de redución e compensación do dito impacto.

A cooperativa e as persoas socias e empregadas desenvolverán a súa actividade promovendo a sustentabilidade social e ambiental da sociedade; o seu compromiso social poderá concretarse, entre outras accións, na realización de actividades por parte da propia sociedade cooperativa ou canalizadas a través da colaboración con organizacións sociais.

### 5.15. Intercooperación

A cooperativa asume que a participación con outras cooperativas en acordos e plataformas comúns de carácter territorial e/ou sectorial contribúe ao propio fortalecemento e ao do tecido cooperativo en xeral. Neste sentido, a cooperativa móstrase favorable a tomar parte en proxectos e agrupacións intercooperativos, sexa para a promoción dos intereses lexítimos do movemento cooperativo, sexa para o crecemento e mellora do negocio.

## 6.- Cumprimento do código e Comité de Responsabilidade Social.

Co fin de garantir o cumprimento deste código, constituirase un Comité de Responsabilidade Social no seo do Consello Reitor do que formarán parte, cando menos, un terzo dos seus membros.

O Comité de Responsabilidade Social poderá actuar por propia iniciativa ou por instancia de calquera persoa socia ou empregada da sociedade cooperativa, fabricante, provedora ou dunha terceira persoa con relación directa e interese comercial ou profesional lexítimo, mediando denuncia realizada de boa fe.

Para tal fin, as comunicacións que conteñan denuncias ou consultas que se realicen ao abeiro deste código, haberán de facerse chegar á sociedade cooperativa a través do enderezo que esta facilite.

O Comité de Responsabilidade Social ten as seguintes funcións básicas:

- a) A supervisión do cumprimento e da difusión interna do código.
- b) A recepción de todo tipo de escritos relacionados coa aplicación do código e, se é o caso, a remisión ao órgano da sociedade cooperativa a quen corresponda a súa tramitación e resolución.
- c) O control e supervisión da tramitación dos expedientes e da súa resolución, sen prexuízo das funcións que, de ser o caso, poidan corresponder a outros órganos da cooperativa.
- d) A interpretación das dúbidas que poidan xurdir na aplicación do código.
- e) A proposta aos órganos reitores da cooperativa daquelas aclaracións e instrucións que puideran ser necesarias para a aplicación do código, así como a elaboración dun informe anual no que se analice a súa aplicación.

No exercicio das súas funcións, o Comité de Responsabilidade Social garantizará:

- a) A confidencialidade de todos os datos e antecedentes das actuacións levadas a cabo, salvo que por lei ou requirimento xudicial proceda a súa remisión.
- b) A análise exhaustiva de calquera dato, información ou documento nos que teña fundamento a súa actuación.

c) A instrución dun procedemento adecuado ás circunstancias do caso, no que se actuará sempre con independencia e con pleno respecto ao dereito de audiencia e presunción de inocencia de calquera persoa afectada.

d) A indemnidade de calquera denunciante como consecuencia da presentación de instancias ou denuncias de boa fe ao comité.

O Comité de Responsabilidade Social haberá de ser dotado dos medios necesarios para garantir a aplicación deste código.

As decisións do comité terán carácter vinculante para a sociedade cooperativa e as persoas socias e empregadas.

## **7. Publicidade do código e avaliación dos seus resultados**

A cooperativa desenvolverá as accións necesarias para a comunicación, formación e sensibilización para a comprensión e posta en práctica do código no seo dela. O código farase chegar a todas as persoas socias e empregadas da cooperativa, e será obxecto de publicación a través da súa páxina web.

O Consello Reitor, con motivo da celebración da asemblea xeral ordinaria e no informe de xestión social, deberá incluír información exhaustiva sobre a forma e grao de cumprimento dos anteriores compromisos no exercicio correspondente.

## DOCUMENTO DE ADHESIÓN

### AO CÓDIGO DE BOAS PRÁCTICAS DAS SOCIEDADES COOPERATIVAS DE GALICIA

A Sociedade Cooperativa (denominación social, número de rexistro e NIF), e no seu nome, na condición de presidente/a,

don/dona ..... con DNI  
nº.....

subscribe de forma voluntaria o documento "Código de boas prácticas das sociedades cooperativas de Galicia" aprobado polo Consello Galego de Cooperativas, integrándoo como instrumento aplicable pola cooperativa, tanto nas relacións internas da sociedade, coma nas súas relacións con terceiras persoas, aceptando as regras e principios nel contidos e comprometéndose a adoptar e manter as medidas necesarias para garantir a súa eficacia e cumprimento.

....., ..... de ..... de .....

O/a presidente/a da sociedade cooperativa

.....

galicia



XUNTA  
DE GALICIA